



## **INSTRUCCIÓN DA ALCALDÍA 2/2020 SOBRE PROTOCOLO DE ACTUACIÓN EN RELACIÓN AO CORONAVIRUS COVID-19, PARA OS/AS TRABALLADORES/AS DO CONCELLO DE BERGONDO**

Esta Instrucción recolle medidas provisionais para o conxunto dos/das empregados/as públicos/as municipais, que poderán ser modificadas consonte evolucionen os acontecementos e en función das directrices que impoñan o Goberno do Estado e o goberno da Xunta de Galicia.

Ante a situación xerada nas derradeiras horas en relación coa epidemia do Coronavirus, e seguindo a liña marcada polo Goberno Central e pola Xunta de Galicia, así como o establecido nas Resolucións publicadas no DOG de 12 de marzo núm, 49-Bis, o Concello de Bergondo, coa finalidade de preservar a saúde dos seus traballadores/as e colaborar cos organismos oficiais, traslada ós seus empregados/as as seguintes recomendacións:

- Seguir as recomendacións de hixiene marcadas nas citadas Resolucións e as publicadas nas últimas horas.
- Con respecto ao traballo, favoreceráse o teletraballo e a flexibilización horaria.

O horario de atención ao público no Rexistro xeral presencial reducirase de 9:00 a 13:00 horas. Na medida do posible tramitarase todo de xeito telemático, a través da Sede electrónica municipal tal e como se ten indicado na publicación deste Concello na web municipal [www.bergondo.gal](http://www.bergondo.gal)

**Para os trámites que se teñan que facer de xeito presencial, concertarase CITA PREVIA co servizo correspondente chamando ao teléfono 981791252.**

Todo/a traballador/a que poida acollerse ó teletraballo, entendendo por tal a realización das súas funcións máis alá do eido telemático (desde o Concello estase a solicitar á Deputación Provincial o acceso de todos os traballadores ás aplicacións informáticas necesarias desde fóra dos postos de traballo) e tendo en conta que o Concello autoriza ós traballadores/as a sacar das dependencias municipais os expedientes e documentos que estean no seu ordenador estrictamente necesarios para a realización das súas tarefas, deberá solicitalo cubrindo o Anexo da presente Instrucción, tendo en conta as seguintes consideracións:

- O/A traballador/a deberá estar dispoñible por medios telemáticos e telefónicos (a través do seu correo electrónico profesional e do seu teléfono) e dispoñer dos medios propios (ordenador) para poder executar o teletraballo, dado que esta medida implica seguir realizando na medida do posible o seu traballo aínda que fóra das dependencias municipais.
- Os responsables dos distintos Departamentos municipais serán os encargados de coordinar a prestación dos diferentes servizos, tanto de xeito presencial como de xeito telemático. No caso de ser necesario, os

citados responsables poderán solicitar a presenza efectiva no posto de traballo daqueles empregados/as públicos/as, necesarios para a óptima prestación do servizo.

- Con respecto a aqueles servizos que non teñen traballo administrativo, estas medidas se entenderán igualmente aplicables, incidindo na dispoñibilidade telefónica no caso de ser requerido polo seu responsable do servizo.
- O persoal de atención ao público que solicite acollerse ao teletraballo continuará coa atención ao público de xeito telefónico e/ou telemático en horario de 9:00 a 13:00 horas.

A solicitude do citado Anexo, poderá presentarse de forma manual e directamente na Alcaldía



## CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

### ANEXO

NOME:

APELIDOS:

POSTO:

TELÉFONO:

Solicito acollerme ás medidas indicadas na presente Instrucción, autorizo a que o Concello se comunique connigo no teléfono enriba indicado e comprométome a empregar os medios dos que dispoño e a manter a confidencialidade dos datos aos que poda acceder no exercicio do teletraballo.

Asdo.

Enterada e conforme  
A alcaldesa

Asdo. Alejandra Pérez Máquez